

Follas do Cineclube | 10/05/2023

O SOÑO
(المنام) [Al-manam], Mohamed Malas,
Siria, 1988, 47', VOSG)

02

(Extractos tirados de Malas, Mohammad. *The Dream: A Diary of the Film. Cairo / New York: The American University in Cairo Press, 2016*)

INVESTIGACIÓN E BUSCA

Damasco, luns, 21 de abril [de 1980]: Preparando a rodaxe

Teño que ser máis específico no filme, máis consistente nas miñas respostas ás seguintes preguntas: quen é a cámara para a persoa que é gravada? E para quen está a falar?

Por que a cámara esta aí agora para filmar este plano ou aquela persoa? Teño que saber o que motiva que a cámara se mova ou a siga, e cando ten que facelo.

En canto á iluminación, teño que admitir que nunca vin luz máis fermosa que a que atopei de maneira natural nas ruelas ou nas casas dos campamentos. Así que debera confiar nas regras e a estética das fontes naturais de luz.

Teño que deconstruír os elementos variados e entrelazados do ambiente auditivo do campamento, e logo reconstruílos con coidado para crear a banda sonora do filme: as radios, as televisións, as conversas roubadas, as cancións escoitadas unha e outra vez, o Corán, as chamadas á oración, o murmurio da vida cotiá, o arrecendo das voces a través dos muros delicados das casas que se apertan con forza.

Finalmente, ten que haber fidelidade documental ao material gravado, en oposición á fidelidade ideolóxica. Isto pode contradicir a mentalidade oficial palestina.

Martes, 22 de abril

Que fai palestinos aos palestinos? Cales son os seus constituíntes alén da política e da loita armada? Esas son as cuestións que me fago mentres preparo o filme.

Ás veces imaxino que esta xente vive nun mundo aparte (o mundo dos soños) e que o actual modo de expresión política que os representa vive noutro mundo aínda, o de soñar espertos. A realidade son as tentativas persistentes de todo o mundo por trabar o dereito palestino á autodeterminación.

Esas tentativas incansábeis de defenderse a un propio por unha banda, e as continuas derrotas, os frecuentes desarraigos, na outra, debuxan os preparativos para a aceptación de calquera decisión, calquera dereito, calquera destino. A cuestión daquela é: Quen ten o poder de concederlles os seus dereitos? Quen redactará os plans e tomará as decisións? Que destino lles espera? Non podo visualizar o filme aínda. Aínda non teño un sentido da "imaxe" que estou a buscar. Pero espero acceder a ela e expresar a "condición palestina" dos palestinos. Filmarei o arco da vella que rodea o campamento da montaña ao mar.

O meu amigo Yusri comenta que unha imaxe mental como esta require estar cómodo cos aspectos visuais que expresa e xerala: o lugar, a xente, a vida cotiá. Pregúntome: pode un soño reflectir todo isto? [...]

RODAXE I

Luns, 12 de maio de 1980: Shatila [...]

O primeiro día de filmación [...]

Non usamos ningunha técnica nova de rodaxe ao gravar. Sinto que estou baixo algún tipo de estrés. Actúo como se estivese baixo coacción. Non me sinto internamente libre. Amólame a rutina de seguranza. O medo séguenos onde imos: medo das balas perdidas e dos oficiais que se opoñen ao filme. Os medios palestinos son como os de calquera goberno árabe: perséguente e limitante. Pero os seus medos son aínda maiores. Os residentes dos campamentos enuncian continuamente o medo a que as súas fotografías sexan enviadas a Israel. Quería filmar unha corte en Shatila onde a xente aposta aos cabalos, pero tiña medo, así que o pospuen. Cando estabamos a mirar a corte escoitamos alguén dicir "Que? Este tipo quiere filmar a corte do campamento?". Teño que liberarme ou vai ser imposible traballar. [...]

Martes, 13 de maio [...]

A idea da corte e as apostas aos cabalos (unha metáfora da economía) preocúpame, e pregúntome como se vai desenvolver. Sobre a narración cinemática, penso que se facemos que as persoas que falan estean ausentes durante a filmación poderemos acadar unha espontaneidade aceptábel e convincente, unha que comunique a cuestión: "Queres saber como me erguín hoxe? Está ben, direicho". A intimidade da confesión tomará forma na pantalla, e daremos forma ao monólogo no filme. Xa que logo, cambiaremos a posición convencional do espectador. [...]

Xoves, 15 de maio [...]

Na rúa principal de Shatila, unha tubaxe de auga rebentou e converteu o chan en lama. Á tarde, os avións israelís aparecen decote no ceo de Beirut. A contra-artillaría dispara con forza, facendo que todo abanee. Á tardiña, soubemos que a Fronte Popular levou a cabo unha operación nos Territorios Ocupados, que os avións israelís bombardearon os campos de al-Bas e al-Radhidiyeh, e que os torpedeiros israelís se achegan a Damour. Pola noite, fun nunha viaxe de recoñecemento preliminar a Burj al-Barajneh para pensar o concepto visual do filme antes de rodar alí. Hoxe filmamos o seguinte:

- Unha gran cociña militar para preparar comida para os combatentes
- Un mercado
- Unha mesquita
- Un cárcere
- Unha vista do campamento desde o tellado dunha escola en folga
- Homes cortando xudías
- Un soldado cortado un año
- Avións israelís no ceo. [...]

O SOÑO: UN DIARIO DO FILME

MOHAMED MALAS

Venres, 30 de maio [...]

Deime de conta de que me supera o que vin e filmei. Afectoume nun grao moi superior a calquera cousa que sexa capaz de levar a un filme ou armar nun todo coherente. Sinto que o filme estaba na miña alma, pero non nas miñas mans. Esta xente encheu a miña alma, pero un filme? Usamos toda a película e gastamos o pouco diñeiro que tiñamos. A miña preocupación sobre os resultados e o meu medo a adiar o desenvolvemento do material gravado fixéronme decidir parar a rodaxe para reorganizármolos, reflectir sobre o que conseguimos até agora e buscar unha oportunidade de continuar a rodaxe máis tarde. Volvemos a Beirut á tardiña. Durmín como un morto, mentres o meu amigo Hazem Biyaa, director de fotografía, caía coa intensidade dun grave golpe de calor.

O xoves 5 de xuño volvemos todos a Damasco. [...]

RODAXE II

Domingo, 6 de setembro O último día

Meu deus, todo o que nos queda son rolos de película sen usar... Que debo facer? Filmei material abondo para facer un filme? Realmente non o sei.

Este mundo de soños individuais é como nadar en augas cheas de remuíños dos que non podes saír. Cando tento mergullarme para atopar a saída, o vórtice faise máis grande. Igual que co comezo aberto, sinto que non hai un final para isto. Que debo facer? [...]

DESENVOLVEMENTO E PRODUCCIÓN

O último día da rodaxe, o domingo 6 de setembro de 1981, mentres deixabamos Daaouk, atravesando as portas do campamento de Shatila e o mercado de Sabra (cruzando as mesmas ruelas do campamento de Sabra), os ecos diverxentes das voces e das caras coas que vivimos perduraban en min, xunto co sentimento do movemento diario da luz e das sombras nos distintos lugares. Camiñabamos, cargando caixas de película envoltas en fita opaca e bolsas de cintas magnéticas coas gravacións de voces trémulas que nos revelaban os seus soños. A xente que chegamos coñecer desaparecía nos soños das noites e días vindeiros, mentres que as súas imaxes e voces, que capturáramos na fita, viñan con nós para ser tratadas nos laboratorios de produción con produtos químicos.

O meu caderno está cheo de anotacións dispersas, estatísticas e ideas:

Na primeira e segunda investigación tratamos cunhas 320 persoas e escoitamos máis de 300 soños.

Na primeira e segunda rodaxes filmamos 65 persoas que contaron 58 soños diante da cámara.

Gravamos 40 homes, 22 mulleres e tres nenos. Dez soños inclúen o regreso dun mártir, catro eran sobre Gamal Abdel Nasser e cinco sobre líderes palestinos. Hai cinco soños sobre prisión e tortura.

Os soños que escoitamos na fase de investigación non están incluídos nestas estatísticas e fican como unha masa aleatoria e dispersa, xa que non houbo oportunidade de incluílos na fase seguinte de rodaxe. Mesmo a súa inclusión aquí, neste caderno, foi selectiva, dado que non teño maneira de incluír todos os soños que gravamos ou escribimos neste texto. Por exemplo, escoitei máis de 225 soños na segunda fase de investigación, dos cales só escollin 58. Mentres o audio e o vídeo ían ao laboratorio e eu puña as miñas memorias e notas a un lado, a realidade seguía o seu curso.

En xuño de 1982, as forzas militares israelís invadían os territorios libaneses coa presenza palestina como obxectivo. Puxeron Beirut e os seus campamentos baixo asedio. Tras unha feroz e heroica resistencia, os combatentes palestinos abandonaron o Líbano. Os campamentos de Sabra e Shatila foron vítimas dos masacres que levan o seu nome.

No período seguinte, até 1985, os campamentos viviron os estoupidos esporádicos do que se deu en chamar a Guerra dos Campamentos. Logo estes campamentos foron postos baixo un asedio que durou até 1988. Durante o asedio, Daaouk, daquela campamento de Sabra, foi borrado do mapa, e os campamentos de Shatila e Burj al-Barajneh foron repetidamente destruídos até que caeron por completo.

Non puiden completar o filme até 1987. Non visitei os campamentos nin vin persoalmente o que pasara con eles até rematar o filme. Todo o que sabía, alén do que saía nas noticias, eran anacos de información xornalística ou fotografías. Estaba moi afectado por todo o que pasara e estaba a pasar nos campamentos mentres montaba e acababa o filme. Estaba particularmente preocupado por Shatila e Burj al-Barajneh, que levaban dous anos baixo asedio para cando o filme xa estaba rematado.

Moitas das esperanzas que tiña para este filme estaban estragadas. A carga de pesadelo que sustentaba a realidade con dúbidas internas e fondas estourou en moitos pesadelos diversos, moito máis alá do previsto no filme, e enormemente afastados do seu tempo.

Daquela, todo o que podía facer era desarmar os soños revelados polos corpos e lugares que se exhibían fronte a min na pantallina da mesa de montaxe (o destino dos cales descoñecía) e correr a armalos de novo nun soño sobre soños que son agora a memoria dun soño.

Todo o que podía facer era sacar daquel amor un sopro que animara as células de luz e escuridade, para que a vida na pantalla creara un tempo propio e cargara este día sombrío con forza e esperanza. O 29 de setembro de 1986 o filme estaba rematado cunha duración de 45 minutos. Só 23 soños superaron a rodaxe e a edición.

O campo de Shatila estaba baixo asedio naquela altura. Unha copia do filme foi introducida de contrabando para os que estaban no campamento, que foron dos primeiros que a viron.

CINECLUBE DE COMPOSTELA



ASOCIACIÓN

O Cineclube tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as) cineclubedecompostela.wordpress.com facebook.com/cineclubedecompostela @cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela) Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

3DEMAIO

SMITHEREENS
(Smithereens, Susan Seidelman, EUA, 1982, 93', VOSG)

10DEMAIO

O SOÑO
(المنام) [Al-manam], Mohamed Malas, Siria, 1988, 47', VOSG)

24DEMAIO

A TERCEIRA PARTE DA NOITE
(Trzecia część nocy, Andrzej Żuławski, Polonia, 1971, 107', VOSG)

31DEMAIO

DESENTERRANDO IDENTIDADES: O
CINEMA DE AOTEAROA
Programada e presentada
por **Alberte Pagán**